



'CAMPAMENTO DE PRIMAVERA'

BASES REGULADORAS DE INSCRIPCIÓN NOS CAMPAMENTOS SEMANA SANTA 2024

As presentes bases regularan o proceso de inscrición nos 'Campamentos de Semana Santa' que terán lugar **os días 25, 26, 27 de marzo e 1 de abril de 2024**, organizadas polo Concello de Barbadás e o acceso ao mesmo.

Trátase dunha actividade lúdica que ten como obxecto dinamizar a participación dos nenos e nenas do municipio e conciliar a vida familiar e laboral na que se desenvolverán actividades como traballos manuais, xogos, cine, e saídas, etc.

As xornadas serán de 5 horas de duración en horario de 9.00 a 14.00 horas da mañá.

O mércores, 27 de marzo de 2024, realizarase unha excursión a Cea para visitar a fábrica Aboamigalla, tan famosa polo seu pan artesanal, que inclúe a actividade 'Migallas e Faragullas' dirixida a nenos e nenas, que consiste nun obradoiro de elaboración de pan, a fornada, unha peza de pan para cada participante, e unha visita guiada pola fábrica.

O realizarase en autobús e no mesmo horario que o campamento.

1. NÚMERO DE PRAZAS

1.1 Ofértanse un total de 50 prazas divididos por grupos de idade:

- **25 prazas** para rapaces nados entre o ano 2018 e 2020.
- **25 prazas** para rapaces nados entre o 2012 e 2017.

2. PRAZOS

2.1 O prazo de inscrición será desde o día 11 ao 15 de marzo de 2024 (ámbolos dous incluídos) podendo ampliar este prazo no caso de non cubrir a totalidade das prazas.

2.2 Tanto a listaxe provisional como a definitiva publicarase na páxina web do Concello de Barbadás (www.barbadas.es)

2.3 A listaxe provisional de admitidos/as publicarase o día 19 de marzo.

2.4 A listaxe definitiva publicarase o día 21 de marzo.

3. REQUISITOS E ADXUDICACIÓN

3.1 Será requisito indispensable para a adxudicación da praza cumprir os criterios de idade



Concello de Barbadás

(como mínimo cumprir ou ter cumpridos os 3 anos antes do inicio da actividade e que aínda non teñan cumpridos os 13 anos)

3.2 No caso de que o número de prazas solicitadas non supere o número de prazas ofertadas, a adxudicación de prazas realizarase de forma directa e inmediata.

3.3 No caso de que o número de prazas solicitadas supere o número de prazas ofertadas, a orde de prioridade establecerase tendo en conta os seguintes criterios:

- O/a menor solicitante estea empadroad/a no Concello de Barbadás
- Os/as proxenitores/as estén traballando no periodo solicitado de disfrute da actividade.
- Só no caso de empate, aplicarase o criterio establecido pola Xunta de Galicia segundo a Resolución do 27 de febreiro de 2024, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se fai público o sorteo ao que fai referencia o artigo 34 da Orde do 21 de outubro de 2022. Terase en conta o número 0,70 resultante do sorteo público.

3.4. Os/as solicitantes non admitidos pasarán a formar parte dunha lista de agarda, seguindo a orde establecida no apartado anterior.

3.5. Para os/as solicitantes que se atopen no artigo 8 das bases seguirase o mesmo procedemento.

3.6. As solicitudes presentadas fóra do prazo sinalado no punto 2.1 estarán suxeitas á existencia de prazas libres.

3.7 É obrigatoria a asistencia; dúas faltas sen xustificar darán lugar á baixa na actividade.

3.8 Só se permitirán como xustificantes válidos de falta de asistencia o xustificante médico por enfermidade ou ingreso do/a neno/a ou de familiar co que conviva.

A admisión de calquera outro xustificante que se achegue poderá admitirse no suposto de causa de forza maior cando sexa necesario por motivos relacionados co/a menor ou con familiares ou persoas convivintes do/a menor, e quedará suxeito á valoración da Concellería correspondente.

4. DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR

4.1 Deberá presentarse o modelo de solicitude para este procedemento debidamente cumprimentado e a seguinte documentación:

- No caso de traballadores por conta allea: certificado da empresa en que se acredite o seu horario laboral.
- No caso de traballadores por conta propia (autónomos) : declaración xurada do profesional que traballa por conta propia con indicación da xornada laboral, e o



Concello de Barbadás

último recibo en vigor da Tesourería Xeral da Seguridade Social.

- No caso de que o/a menor conviva só cun dos seus proxenitores e non sexa familia monoparental: deberán achegar, ademais do anterior, sentenza de separación/divorcio, convenio regulador ou medidas paterno-filiais nas que se especifique o proxenitor o que pertence a custodia do menor.
- No caso de familias monoparentais:deberán achegar ademais do anterior libro de familia.
- No caso de que non exista vínculo matrimonial, e ambos proxenitores convivan co menor, deberán achegar, ademais do anterior: certificado de convivencia expedido polo Concello correspondente.

4.2 Os datos reflectidos na documentación presentada deberán ser certos na súa totalidade; de non ser así, suporá a baixa automática e a perda de todos os dereitos de participación na actividade.

5. INSCRICIÓNS

5.1 As inscricións realizaranse por unha das seguintes formas:

- De forma telemática a través da sede electrónica do Concello de Barbadás <https://barbadas.sedelectronica.gal/>.
- De forma presencial no rexistros municipais:
 - Na Casa do Concello- Cimadevila 1, Barbadás
 - Nas Oficinas Municipais da Valenzá. Rúa do Viso 2, A Valenzá.
- En calquera dos rexistros establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015.

5.2 O horario das oficinas municipais para realizar a inscricións de forma presencial será de luns a venres en horario de 8.30 a 14.30 h.

6. CUSTO DA PRAZA

6.1 A actividade será gratuíta para os/as menores participantes no campamento.

7. CHAMAMENTO EN LISTA DE ESPERA

7.1 No suposto de que quedasen prazas vacantes, chamarase por rigorosa orde aos/as solicitantes en lista de espera. Realizarase un total de 2 chamadas e de non ser posible a



Concello de Barbadás

comunicación telefónica, chamarase ao seguinte solicitante da lista.

8. PERSOAS CON DISCAPACIDADE FUNCIONAL.

8.1 Os/as menores que teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33% poderán participar nesta convocatoria cumprindo os seguintes requisitos:

- Facer constar dita condición no apartado que figura no impreso de solicitude, co fin de planificar os apoios necesarios se os precisaran. Que no certificado de recoñecemento de discapacidade non se recolla a necesidade de axuda de terceira persoa.
- Ter capacidade de integración no grupo e que as súas limitacións e/ou necesidades especiais lles permitan participar e beneficiarse das actividades programadas que se van a desenvolver.

8.2 Como para o resto dos/as solicitantes, en función dalgún tipo de limitación, dificultade, discapacidade ou impedimento que padezan e lle impidan beneficiarse das actividades programadas, poderá excepcionarse a súa participación neste programa.

9. LUGAR E HORARIO DA ACTIVIDADE

A actividade terá lugar no **Espazo Infantil (Parque da Solaina, A Valenzá)** en horario de **9 a 14 horas** os días **25,26,27 de marzo e 1 de abril de 2024**.

10. ORGANIZA

Concello de Barbadás

Concellería de Educación

Tel. 988391526 (Espazo infantil) Horario de 16 a 20 h.

E-mail: espazoinfantil@barbadas.gal

A participación nos campamentos suporá o cumprimento e aceptación destas bases.